



Concello de Xinzo de Limia

BANDO ALCALDÍA

MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS

Que tras reunión da Xunta de Voceiros do Concello de Xinzo de Limia resolveuse adoptar as seguintes medidas, en materia de saúde pública en relación coas actividades e servizos públicos locais, con motivo da situación actual provocada polo COVID-19, e polo tanto, **quedan suspendidos ata nova orde as actividades e usos dos seguintes centros municipais:**

- Pavillón Polideportivo.
- Piscina climatizada.
- Biblioteca municipal.
- Campos de fútbol.
- Casa da Cultura.
- Escola municipal de gaitas e Percusión .
- Conservatorio Municipal
- Actividades nos centros sociais dos pobos.
- Recinto feiral.

Asemade, queda suspendida a celebración das feiras quincenais dos días 14 e 27 de marzo ata novo aviso.

Recoméndase asemade, que se fora necesario realizar algunha xestión no Concello, trataráse de facer por teléfono ou telemáticamente a través da sede electrónica do Concello <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/info.0>, e só se acudirá ó Concello se fose estritamente necesario.

Ademáis, recoméndase que as persoas maiores ou con patoloxías varias eviten saír das súas casas, e que toda a poboación siga as medidas de prevención recomendadas polo Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno de España.

PARA INFORMACIÓN EN CASO DE SÍNTOMAS CHAMAR Ó

TLF: 900 400 116.

A Corporación Local fai un chamamento á responsabilidade persoal dos veciños e veciñas de Xinzo de Limia, mantendo a calma e evitando desprazamentos na medida do posible.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: NHDLGWK476GXH7MLQF6JGEHKH | Corrección: https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 1 a 1